

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL CAMBADOS

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA PISCINA MUNICIPAL DE CAMBADOS

O Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 28.01.2016, acordou aprobar inicialmente o Regulamento de Réxime Interno da Piscina Municipal de Cambados; exposto ó público o expediente, e non téndose presentado contra o mesmo reclamación ou alegación algunha, elevase a definitivo o acordo ata entón provisional, publicándose o seu texto íntegro para xeral coñecemento:

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA PISCINA MUNICIPAL DE CAMBADOS

1.—Obxecto do regulamento

2.—Regulamento Administrativo

2.1. Dos tipos de usuarios. Servizos aos que poden acceder e modalidades de cotas.

2.1.1.—Socios/abonados.

2.1.2.—Cursillistas.

2.1.3.—Usuarios por libre.

2.1.3.1.—Por entradas.

2.1.4.—Clubs, asociacións e centros educativos.

2.2.—Das relacións cos usuarios. Altas, baixas e follas de reclamacións e suxestións.

2.2.1.—Alta no servizo.

2.2.2.—Baixas.

2.2.3.—Follas de reclamacións e suxestións

2.3.—Das taxas/prezos públicos e matrícula.



2.4.—Formas de pago, devolucions de recibos e período de compromiso.

2.4.1.—Formas de pago.

2.4.2.—Devolucions de recibos

2.4.3.—Período de compromiso.

2.5.—Cobertura de accidentes.

2.6.—Custodia de valores.

3.—*Dereitos e deberes dos usuarios*

3.1.—Dereitos

3.1.1.—Dereito á información.

3.1.2.—Dereito ao uso e disfrute das instalacións.

3.1.3.—Dereito á protección de datos persoais.

3.1.4.—Dereito a opinar e reclamar.

3.2.—Deberes dos usuarios

4.—*Dereitos e deberes da empresa concesionaria respecto aos usuarios*

4.1.—Dereitos.

4.2.—Deberes.

5.—*Regulamento de uso das instalacións*

5.1.—Horarios da instalación e peches

5.1.1.—Horarios.

5.1.2.—Peches.

5.2.—Limitación do número de usuarios e abonados.

5.3.—Normativa.

5.3.1.—Normativa xeral

5.3.2.—Normativa de vestiarios.



5.3.3.—Normativa de Baños de Calor.

5.3.4.—Normativa de piscinas

5.3.5.—Normativa de Salas de cardiovascular, musculación...

5.3.6.—Normativa de actividades e cursos

5.3.7.—Normativa para Clubs, Federacións, colectivos, etc.

6.—Regulamento sancionador

1.—*Obxecto do regulamento.*—É obxecto do presente Regulamento, regular o funcionamento, uso e desfrute da Piscina Municipal de Cambados.—Ditas instalacións creáronse coa intención de fomentar o deporte e a educación física e procurar o desenvolvemento integral das persoas, e co gallo de obter o mellor funcionamento e a maior economía para o Concello.—O presente servizo prestarase polo sistema de xestión indirecta, mediante concesión de servizo público, ata que se acorde pola Corporación o cambio na forma de xestión.—O presente Regulamento terá por obxecto facilitar ao usuario/a que cumpra os requisitos establecidos na normativa de acceso ás instalacións e determinar a que servizos ten dereito.—No non previsto no presente Regulamento Regulador do Servizo rexerá o disposto en:= * Regulamento sanitario das piscinas de uso colectivo a nivel estatal e/ou autonómico.—E en aquelas outras normas aprobadas polo Concello:= * Anteproxecto de explotación da Piscina Climatizada Municipal de Cambados.—* Prego de cláusulas administrativas particulares.—* A ordenanza municipal correspondente.—Calquera modificación respecto á presente normativa, será comunicada aos usuarios coa suficiente antelación.

2.—*Regulamento administrativo.*—Antes de explicar os procesos administrativos faise necesario definir os tipos de usuarios, xa que así será máis sinxelo poder entender os diferentes tipos de procesos administrativos que se aplica a cada tipo de usuario.

2.1.—Dos tipos de usuarios. Servizos aos que poden acceder e modalidades de cotas.—Distínguense as seguintes categorías entre as persoas e entidades que teñen acceso ás instalacións deportivas:

2.1.1.—Socios/abonados.

— Servizos. O usuario que se inscribe nesta modalidade disporá dos seguintes servizos:

- Libre acceso á totalidade das instalacións e servizos dentro dos horarios e nos días en que as mesmas estean abertas ao público. Para iso deberá presentar o carné e ter satisfeito a tarifa vixente en cada momento.



- Elixir as actividades deportivas nas que desexa participar recibindo nelas as axeitadas ensinanzas (sempre que existan prazas libres e dispoña do nivel adecuado nas de tipo formativo),.
- Prezos máis asumibles nos distintos cursos e actividades ofertadas (aproximadamente o 50% de rebaixa)
- Poder acceder a certas actividades de forma gratuíta.
- Poder realizar as reservas cunha semana de antelación.

— Cotas. As cotas de abonado serán (ver ordenanza reguladora municipal):

- Abono familiar: pais e fillos ata os 17 anos (inclusive) ou 24 anos no caso de abonar o complemento familiar
- Abono individual: de 24 anos en diante.
- Abono social: para colectivos desfavorecidos e desempregados. (só en horario de mañán)
- Abono individual xoven: ata os 24 anos (inclusive)
- Abono individual 3ª Idade: persoas a partir dos 65 anos (inclusive)
- Abono familiar 3ª idade: os dous membros deberán ter 65 anos ou máis

2.1.2.—Cursillistas.—Persoas, que sendo abonadas ou non, inscribíense a unha actividade dirixida por un monitor.

— Servizos

- Acceso á actividade no horario e os días sinalados. O acceso realizarase 15 minutos antes de que empece a actividade e a hora da saída será 15 minutos despois de finalizala.
- Formación, corrección, supervisión e seguimento por parte do monitor.

— Cotas. Existen múltiples tipos de cotas e actividades; o seu prezo ven determinado por:

- Os días semanais da actividade.
- O tipo de persoas ás que van dirixidas.
- O tipo de actividade.

2.1.3.—Usuarios por libre.—Son aquelas persoas que acceden á instalación abonando unha entrada diaria ou reservando un espazo.—Como xustificante do abono do prezo seralle entregado o ticket que lle faculta para acceder ao servizo solicitado, poderá ser requirida por calquera empregado/a das instalacións deportivas en calquera momento.



2.1.3.1.—Uso libre por entradas.

- Servizos. Utilizar libremente o espazo polo que se paga a cota (xa sexa piscina ou ximnasio) ademais dos vestiarios, e da zona spa. O período de duración da entrada é de 1 hora y 30 minutos.
- Cotas. O prezo das entradas ven determinado polo tipo de persoas ás que se dirixen. Segundo o indicado na Ordenanza Reguladora Municipal.

2.1.4.—Clubs, asociacións e centros educativos.—Son aqueles colectivos que teñen reservada unha instalación un día e hora determinados, e que acceden á mesma no momento da reserva efectuada.—Os servizos de que dispoñan virán determinados pola actividade que vaian a realizar mediante acordo, por escrito, entre a empresa concesionaria e dito colectivo. As súas cotas se determinan na Ordenanza Reguladora Municipal.—Accederán tódolos usuarios simultaneamente e baixo control da persoa encargada que será a responsable ante a empresa concesionaria.

2.2.—Das relacións cos usuarios.—2.2.1.—Requisitos para a alta no servizo.—Será requisito indispensable para o uso dos servizos polos usuarios, a inscrición do correspondente servizo a través dun contrato entre a empresa concesionaria (E.C.) e o solicitante, salvo as excepcións recollidas no PCAP, no Anteproxecto e no presente regulamento. O contrato realizarase na propia instalación deportiva, nas oficinas de a E.C., mediante impresos que esta facilitará, estendendo unha copia do mesmo ao abonado e conservando a E.C. o orixinal a disposición do Concello. Non se poderá utilizar o servizo, si previamente non se formalizou o correspondente contrato.—No momento da inscrición, o usuario facilitará a seguinte documentación:

- DNI (orixinal para comprobar a identidade de quen realiza a inscrición).
- Libro de Familia para os abonos familiares -inclúense nos mesmos os fillos menores de 25 anos- (orixinal e copia para a administración).
- Parellas de feito: certificado de parella de feito (orixinal e copia).
- Para os abonos/cursos con situación especial (xubilados, nenos, discapacitados, etc.) acreditarán dita situación a través da documentación fehaciente en cada caso (orixinal e copia).

Cubrirá unha ficha de inscrición cos seus datos persoais e os da súa familia (no caso dos abonos familiares) ademais do número de conta para a domiciliación dos recibos (IBAN).—A empresa incorporará os datos de dita folla a un ficheiro automatizado, creando unha ficha por cada persoa.—Ao final do proceso entregarase un carné persoal e intransferible a cada persoa inscrita (tanto a abonados como cursillistas) que deberá ser pasado polo torno cada vez que se accede ás instalacións (entrada e saída).

- Persoas que acceden a través de entrada e/ou como colectivos.



Estas persoas ou colectivos deberán cubrir unha ficha pero non recibirán carné algún.

No caso das entradas os requisitos son:

- Presentar o D.N.I..
- Os menores de idade e xubilados deberán xustificar a súa situación cos documentos correspondentes. Os menores de idade que no teñan unha autorización paterna asinada non poderán acceder á instalación.

As persoas que accedan na modalidade de colectivo farano todos xuntos simultaneamente e baixo control da persoa encargada que será a responsable ante a empresa concesionaria.

2.2.2.—Baixas.—Tanto as baixas en curso como de abonado realizaranse obrigatoriamente por escrito na recepción da instalación antes do día 20 do mes en que finaliza o contrato; en caso de estar pechada a instalación pasarase ao día seguinte. De non facelo o servizo renovarase automaticamente salvo que este conclúa (fin de temporada nos cursos).—Só se admitirán baixas anticipadas cando queden debidamente xustificadas (enfermidade, motivos laborais).—O/a abonado/a que fose dado de baixa por impago de cotas e en outra ocasión desexase volver a ser abonado/a, deberá pagar tódalas cotas impagadas desde que se lle dea de baixa ata a data na que se lle inscriba de novo máis outra vez a cota de inscrición. En ambos casos, a nova alta efectuarase si estivese aberta a inscrición.

2.2.3.—Follas de reclamacións e suxestións.—No recinto das instalacións existirán dous tipos de follas de reclamacións:

- Folla de reclamacións/suxestións interna.

É o modelo da empresa no que o usuario realizará as reclamacións relativas a cuestións menores e planeará as suxestións que crea oportunas.

- Folla de reclamacións de consumo.

Formulario oficial, debidamente dilixenciado polo organismo competente da Comunidade Autónoma de Galicia.

O concesionario ten a obriga de contestar no prazo dunha semana, todas e cada unha das reclamacións ou consultas que se formulen tanto na instalación deportiva municipal como nas dependencias do órgano de contratación, así como a notificar nun prazo máximo dunha semana ao Órgano de contratación, a existencia de tal reclamación, enviando a oportuna copia da mesma, mediante escrito dirixido ao funcionario correspondente, presentado no rexistro.



Ditas follas encontraranse a disposición dos usuarios, indicando tal existencia en lugares visibles, especialmente na zona de recepción e na zona dos Servizos de administración das correspondentes oficinas e, en todo caso, nas oficinas de atención aos usuarios descritas no Prego que rexe o contrato da concesión.

2.3.—Das taxas/prezos públicos e matrícula.—Os abonados/as satisfarán as cotas que foran fixadas pola Ordenanza Reguladora da Taxa por utilización dos Servizos Deportivos Municipais, todo iso de acordo co establecido no Prego de cláusulas administrativas particulares.—A revisión de ditas taxas realizarase de acordo co establecido coa normativa vixente en cada momento.—A matrícula pagarase ao darse de alta, tanto usuarios novos como antigos que se deran de baixa.

2.4.—Formas de pago, devolucións de recibos e período de compromiso.

2.4.1 Formas de pago.

- Entradas. Abonarase en efectivo.
- Abonos e cotas de cursillo. No momento da inscrición abonarase en efectivo as cotas ás que se inscribe o usuario, a excedencia si é unha renovación e as débedas pendentas no caso de habelas. Os recibos seguintes domiciliaranse. Dita domiciliación realizarase os últimos días do mes anterior ao período de pago.
- Cotas de colectivos. Farase a través de facturación directa desde dirección técnica da instalación previo acordo por escrito (contrato).
- Tarxeta. A primeira vez non ten custe algún para o usuario; no caso de renovación por mal uso o extravío non xustificando cobrarase un importe que virá determinado e previamente anunciado pola empresa adxudicataria
- Comisión de devolución: en efectivo e virá determinado e previamente anunciado pola empresa adxudicataria
- Matrícula: en efectivo

2.4.2.—Devolucións de recibos.—Os recibos devoltos pagarase en caixa dentro do mes endebedado previo aviso ao usuario/a que non os atenda. De non ser pagados causarase a súa baixa automática como tal usuario.—Os recibos devoltos terán unha comisión segundo a entidade bancaria.

2.4.3.—Período de compromiso.

- Abono. O concepto do abono é anual (12 meses) aínda que o pago fraccione mes a mes.



Dito compromiso considerarase prorrogado por un prazo igual ao inicial, si por escrito e antes do día 20 do mes no que remata o contrato, o usuario non manifesta a súa vontade de rescindilo. Sen embargo, si ao remate do prazo do contrato existira unha modificación de todo ou de parte o que estivera en vigor, o abonado deberá realizar unha nova inscrición que estea oficialmente aprobada, quedando extinguido o antigo contrato, e de negarse a asinar o novo contrato, a E.C., previa autorización, poderá anular o abono.

Dentro do prezo do abono están incluídos os peches que aparecen detallados no regulamento de uso.

— Curso. Existen dúas modalidades de cursos.

- Cursos formativos de inverno (Setembro a Xuño). O compromiso para as actividades formativas é por dito período. Só se admitirán baixas anticipadas cando queden debidamente xustificadas (enfermidade, motivos laborais).
- Cursos formativos de verán ou cursos utilitarios. O compromiso é mensual.

2.5.—Cobertura de accidentes.—A empresa concesionaria dispón dun seguro que cubre a responsabilidade civil derivada da súa actividade.—Excepto aquelas actividades organizadas para grupos nas que se comunique previamente a afiliación á Mutualidade Xeral Deportiva ou outro Seguro Deportivo, o resto de usuarios terá a cobertura para posibles accidentes da Instalación co Seguro de Responsabilidade Civil, sempre e cando a causa sexa por responsabilidade do adxudicatario.

2.6.—Custodia de valores.—En caso de dispoñer dun servizo de custodia de valores, os usuarios poderán deixar os seus obxectos de valor en dito servizo.

3.—*Dereitos e deberes dos usuarios*

3.1.—Dereitos.

3.1.1.—Dereito á información.—Toda persoa que entra na instalación, ben sexa para inscribirse ou non, ten dereito a:

- Recibir información completa sobre as prestacións dos servizos e posibles incidencias.

En concreto:

- Horario da instalación.
- Períodos de peche.
- Táboa de prezos e condicións de uso.
- Aforos
- Anuncios de posibles cambios de horario, tipos de cotas e condicións de uso.



- Anuncios de incidencias ou supresións do servizo.
- Convocatoria de cursos e actividades puntuais.
- Ser atendidos cun trato correcto e axeitado naquelas peticións de información e axuda, nas condicións de dilixencia e rapidez axeitadas.

Respecto ás persoas inscritas, a E.C. atenderá aos/ás usuarios/as nas súas consultas sobre recibos, carnés, abonos temporais, etc., tódolos días laborais na recepción da instalación. Esta circunstancia deberá figurar nun lugar visible en tódalas dependencias da instalación deportiva.

3.1.2.—Dereito ao uso das instalacións.—Teñen dereito a acceder e usar as instalacións deportivas, para o fin que lle son propias, tódalas persoas, asociacións deportivas, clubs legalmente constituídos e centros educativos co gallo de desfrutar dalgún dos servizos prestados no recinto, fomentar a educación física sempre que abonen as tarifas establecidas polo Concello e dean cumprimento á normativa contida neste Regulamento.—Con independencia do anteriormente expresado, terase en conta que en ningún caso se permitirá a entrada dun número de usuarios superior ao aforo máximo permitido.—No caso de impedir o acceso ao recinto das instalacións a algunha persoa, dito impedimento será razoado e motivado, cabendo os recursos que no seu caso procedan, segundo a lexislación vixente.

3.1.3.—Dereito á protección de datos persoais.—A efectos da lei orgánica 15/1999, de 13 de Decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, a empresa concesionaria comprométese a respectar a confidencialidade dos datos e a utilizalos de acordo á súa finalidade.

3.1.4.—Dereito a opinar e reclamar.—O usuario terá dereito a suxerir calquera proposta ou planeamento que considere oportuno debendo recibir por parte da empresa contestación a ditas suxestións.—O usuario poderá reclamar en todo momento, con máis motivo si cabe cando considere que o servizo non se axusta ao convindo.—No caso de desaxuste de horarios (motivado pola empresa concesionaria e fora das causas admitidas polo regulamento), o usuario poderá optar por (coordinado polo persoal adscrito ás instalacións):

- Prorrogar a súa hora ata a seguinte programada (incluso no caso de competicións oficiais).
- Solicitar a devolución da cota, mediante a presentación do oportuno recibo. Para cursos

3.2.—Deberes dos usuarios.

- Respectar a normativa de uso das instalacións.
- Abonar as cotas nos períodos establecidos para elo.



- Avisar á empresa concesionaria de calquera cambio nos seus datos que poidan afectar ao tipo de cota (empadramento, idade, situación familiar...). No caso de que a empresa detecte unha irregularidade, o usuario verase na obriga de pagar os atrasos desde o cambio da súa situación.
- A inscrición en calquera actividade implica a aceptación do sistema de funcionamento utilizado pola empresa concesionaria.
- Identificarse sempre e cando o solicite a empresa concesionaria (dentro da instalación deportiva).

4.—Dereitos e deberes da empresa concesionaria.

4.1.—Dereitos

- A organización, estrutura e desenvolvemento das actividades é competencia da empresa concesionaria, a cal estará supervisada polo comité de seguimento.
- A E.C. deberá poñer en marcha e supervisar un ficheiro de usuarios, co gallo de manter as óptimas relacións comerciais, sempre que así o acepte o usuario, de acordo coa lexislación vixente en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal e revestirá CARÁCTER CONFIDENCIAL.

4.2.—Deberes.

- O concesionario deberá dispoñer dos medios persoais necesarios para a perfecta vixilancia da instalación e control do acceso á mesma. Polo menos disporase, sempre ca instalación estea aberta, dunha persoa de control de acceso. En todo caso o acceso ás instalacións realizarase a través de medios informáticos.
- A E.C. deberá garantir, de forma permanente, a viabilidade de uso das instalacións, salvo interrupcións ocasionadas por causas de forza maior (obras de ampliación, renovación e mellora), avarías e necesidades de servizo.
- Nos casos nos que se produza a interrupción do servizo, a E.C. deberá procurar, en todo momento, reducir ao máximo o tempo de duración de aquela, aportando os medios humanos e materiais necesarios para o seu restablecemento, aos efectos de causar o mínimo trastorno aos usuarios.
- A empresa é a responsable de manter a orde no interior do recinto, así como de que se cumpran as normas contidas no presente Regulamento e demais disposicións aplicables. Para iso contará coa colaboración da Policía Local.
- Manterá en todo momento as condicións de seguridade e saúde das instalacións, limpeza e adecentamento que corresponda.
- Deberá comunicar aos usuarios, calquera anomalía que afecte ao servizo.
- Manterá un trato correcto e educado en todo momento.



- Disporá de follas ou libro de reclamacións, debidamente dilixenciado polo organismo competente da Comunidade Autónoma de Galicia.

5.—Regulamento de Uso.

5.1.—Horarios da instalación e datas de peche

5.1.1.—Horarios.—A instalación ten dous tipos de horarios:

- Inverno. Do 1 de Setembro ao 30 de Xuño.
- Verán. Do 1 de xullo ao 31 de Agosto.

O horario de apertura ven determinado polo Prego de Condicións ou pola proposta ofertada pola E.C.

Inverno:

- De luns a venres: de 08:00 a 13:00 e de 16:00 a 22:30
- Sábado: de 10:00 a 13:00 e de 16:30 a 20:30
- Domingo: de 10:00 a 13:00

Verán:

- De luns a venres: de 08:00 a 12:00 e de 18:30 a 22:30
- Sábado e domingos: pechada

Ditos horarios poderán ser modificados previa xustificación e aprobación por parte do Concello. Deberase informar aos usuarios en tempo e forma das mencionadas variacións.

Os horarios deberán estar expostos de forma visible na entrada da instalación.

5.1.2.—Peches.

- A instalación permanecerá pechada os días 1 de maio, 25 de xullo, 25 de decembro e 1 e 6 de xaneiro.
- Os días 24, 31 de decembro e 5 de xaneiro, a instalación só abrirá en horario de mañá.
- Poderase cerrar parcialmente ou impedir o acceso a determinadas instalacións por esixencias técnicas.

En todo caso, a empresa concesionaria (coa aprobación da Comisión de Seguimento) reservase o dereito de pechar temporalmente as instalacións, sen dereito a indemnización, por limpeza ou programacións propias como competicións, cursos ou outros eventos que estime oportunos, para o que deberá informar, con carácter previo, a cada un dos usuarios



afectados, procurando non interferir nas actividades xa iniciadas. Tratarase de ter, en todo momento, un plan de actividades deportivas previsto cada ano e aprobado pola Comisión de Seguimento.

5.2.—Limitación do número de usuarios e abonados.—No caso de alcanzar o aforo máximo ou prever alcanzalo, a empresa concesionaria poderá limitar o acceso á instalación. Dita limitación penalizará principalmente aos usuarios que queiran acceder mediante o pago dunha entrada, xa que o resto de usuarios posibles (abonados e cursillistas) atópanse en activo e teñen pagada a cota correspondente.—A E.C. reservase o dereito de limitar o número de abonado/as, previa comunicación por parte da E.C. ao Concello e a oportuna aprobación deste.

5.3.—Normativa de uso.—A continuación presentamos todas aquelas normas que regulan o funcionamento dentro da Piscina climatizada Municipal de Cambados.

5.3.1.—Normativa xeral.—Antes de relatar as normas é importante facer unha serie de recomendacións que sería interesante que tódolos usuarios a seguisen.—Recomendase a tódolos usuarios que utilicen a vestimenta e calzado axeitado, así como toalla en tódolos equipamentos, actividades e espazos.—É recomendable hidratarse antes, durante e despois do exercicio.—Antes de empezar a actividade é necesario realizar un bo quecemento para evitar lesións, dores musculares....—Recomendase non levar xoias, aneis, cadeas, etc. á instalación.—Respectar os protocolos de uso que se recomenden.

Normas.—Antes de realizar calquera tipo de actividade física, o usuario cumprimentará un cuestionario sobre o seu estado de saúde e será informado por escrito sobre as actividades contraindicadas en cada caso. Os técnicos deportivos poderán solicitar un certificado médico a aqueles clientes considerados “de risco”.—Non está permitida a entrada ás instalacións, ás persoas que padezan enfermidades infecciosas ou contaxiosas, especialmente afeccións cutáneas sospeitosas.—Con independencia do anteriormente expresado, haberase de ter en conta que, en ningún caso se permitirá a entrada nos distintos espazos deportivos, un número de usuarios superior ao aforo máximo permitido.—Non se permite o acceso ao recinto con animais. Asemade queda prohibida a entrada de mesas, cadeiras, coches de nenos e similares, que, no seu caso, quedarán á entrada do recinto, nun lugar destinado para iso.—O acceso a menores virá determinado pola normativa específica de cada espazo e/ou actividade.—Non se permite fumar nin comer en todo o recinto deportivo.—Deberanse usar as instalacións e servizos cun bo trato e coidado correcto. Os/as usuario/as axudarán a manter a instalación limpas, colaborando cos empregados, utilizando papeleiras que estean repartidas por tódalas zonas da instalación.—Deberanse usar as instalacións para o que especificamente están creadas.—Deberase gardar o debido respecto aos demais usuario/as, observando a compostura necesaria para a boa convivencia.—Deberanse abonar puntualmente as cotas establecidas, así como a reserva de horarios, previamente concedida.—



Só se poderá utilizar a instalación deportiva unicamente naqueles servizos contratados.—Non se poderá introducir nas instalacións deportivas elementos ou obxectos que poidan causar lesión, deteriorar os equipamentos ou turbar a tranquilidade dos usuarios.—Deberanse evitar comportamentos que impliquen perigo ou risco para a integridade dos usuarios.—Evitarase calquera actitude antihixiénica.—A filosofía do servizo basease nunha actividade física para a saúde e o benestar, por tanto non está permitido recomendar, facilitar, vender ou consumir sustancias dopantes.—Non se poderá facer uso privativo das instalacións, que son servizos comunitarios.—Deberanse respectar os horarios de funcionamento da instalación. Non se poderá permanecer nas instalacións, despois do peche, sen estar autorizado.—Deberanse acatar e cumprir cantas normas e instrucións dite a empresa concesionaria por si mesma ou a través do persoal das Instalacións.—Os obxectos que se extravíen polos/as usuarios/as e localizados por algunha persoa, deberanse entregar na recepción das instalacións, quen o fará así saber aos/as usuarios/as polos medios oportunos, para que se recobre por quen acredite ser o seu titular. Se pasado un mes non se reclamara o obxecto extraviado, a empresa que xestiona as instalacións disporá libremente do mesmo.

5.3.2.—Normativa de vestiarios.—O uso de vestiarios está destinado para abonados e non abonados. Existen estancias nos vestiarios para o uso exclusivo de persoas eivadas e pais/nais con fillos/fillas maiores de 6 anos. Só os menores de 6 anos poderanse cambiar no vestiario de distinto sexo.—No se permitirá o acceso aos vestiarios ás persoas que no vaian a facer uso das instalacións, con excepción dos acompañantes dos cursillistas que, pola súa idade ou condicións, no sexan capaces de espirse nin vestirse con autonomía.—Nas zonas húmidas utilizarase calzado de baño; dito calzado empregárase única e exclusivamente para esa finalidade.—Despois da ducha debese secar na zona de secado. Escorrer a roupa de baño para evitar mollar a zona seca do vestiario.—Non se utilizarán os lavabos para enxugar roupa de baño, zapatillas, etc.—Por motivos de hixiene non se permite afeitarse nin depilarse.—Non se poderá malgastar a auga e deberase facer un correcto uso das papeleiras.—Evitarase subir aos bancos para cambiarse.—O/a usuario/a deberá gardar a debida compostura e decencia, tanto nos vestiarios como na práctica de actividades deportivas. Non está permitido gritar, correr nos corredores e en xeral toda actividade que poida molestar aos/as demais usuarios/as.—Non está permitido deixar os bolseiros nin a roupa fora das taquillas xa que ocupan o espazo destinado a cambiarse de roupa.—As taquillas funcionan mediante o depósito dunha moeda ou calquera outra garantía que indique a empresa xestora, e que se lle devolverá ao remate do uso da mesma.—Os/as usuarios/as das taquillas serán igualmente responsables da custodia da chave da mesma, debendo abonar ao Adxudicatario un importe que este marcará (nunca superior ao custe da chave) pola non reposición da mesma. Ditas chaves non poderán sacarse en ningún caso da instalación deportiva.—A empresa concesionaria e o Concello de Cambados non se responsabilizan dos obxectos de valor ou diñeiro depositados nelas e exhorta aos/as usuarios/as a acudir ás instalacións sen ditos obxectos de valor. = Non se permitirá deixar ningún obxecto persoal nin utensilio de hixiene ou para realizar calquera



actividade física dentro das taquillas despois de pechar a instalación. No caso contrario, os/as traballadores da instalación quedan autorizados para poder abrir e baleirar a taquilla e gardar todo o encontrado en obxectos perdidos; o seu contido gardarase durante unha semana. No caso de non se reclamar actuarase segundo os criterios que a empresa concesionaria considere conveniente acorde co valor do extraviado.

5.3.3.—Normativa de baños de calor (sauna e vapor), duchas bitérmicas e jacuzzi.—Non se permite o acceso a persoas con enfermidades cardiovasculares, hipotensión, embarazo..... En caso de dúbida sobre a súa posible utilización consulte ao seu médico.—Non se debe utilizar este servizo máis de 10 minutos (5 as primeiras veces). Tampouco é recomendable utilízalo máis dunha vez por semana.—Por motivos de hixiene é obrigatorio utilizar toalla e calzado de baño.—Polos mesmos motivos non está permitido afeitarse nin depilarse.—Non se permite o acceso a menores de 16 anos.—Non se permite verter ningún tipo de líquido no calefactor.—Para o uso das duchas bitérmicas e jacuzzi é obrigatorio empregar roupa de baño.—Respectar os protocolos de uso que se recomendan.

5.3.4.—Normativa de piscinas.—Esta instalación dispón dun único tipo de vaso:

- Vaso polivalente de 25x12,50m. Para actividades/cursos, nado libre e nado recreativo.

Normativa que regula o seu uso:= Os usuarios gozarán, en la piscina polivalente, de dúas rúas de uso libre en todo o horario de apertura, como mínimo, salvo que houbera que destinar a totalidade das mesmas a calquera proba, evento ou competición deportiva, o que será avisado coa suficiente antelación.—Na piscina polivalente haberá que respectar os niveis das rúas libres (rúas lentas e rúas rápidas, rúas de baño libre, etc.), que estarán debidamente sinalizados.—Para utilizar a piscina é necesario o uso de gorro, zapatillas (só nos accesos) e roupa de baño (bañador e/ou bikini deportivo).—É obrigatorio ducharse antes de entrar na piscina. Non está permitido o uso de xabóns ou produtos cosméticos nas duchas da piscina.

Na zona de augas non está permitida a práctica de actividades que supoñan risco como: correr, saltar de cabeza, empuxar, apneas continuadas ou realizar xogos perigosos.—Os usuarios que non saiban nadar non poderán acceder á instalación salvo que se inscriban nun curso e soamente accederán no horario do mesmo.—Os menores de 6 anos, que non veñan a curso, só poderán acceder á piscina nos horarios detallados no programa de servizos e sempre na compañía dos seus pais ou titores.—Os nenos entre 6 e 14 anos que queiran vir por libre á piscina, poderano facer só se amosan saber nadar con suficiencia e previo permiso asinado polo seus pais ou titores.—Deberanse respectar as zonas de entrada e saída da piscina. Os usuarios aseguraranse das diferentes profundidades do vaso de piscina antes de facer uso da mesma co gallo de evitar accidentes.—Queda prohibido cruzar as rúas, agarrarse ou sentarse nas corticeiras.—Sempre que utilice a rúa libre deberá facelo polo lado dereito



da mesma.—Calquera usuario poderá usar o material de piscina colocándoo no seu lugar unha vez utilizado.—O uso de pas e aletas está restrinxido ao nivel de ocupación da piscina, polo que o socorrista será quen autorice en cada momento a posibilidade do seu uso, e nun espazo determinado.—Débese evitar o acceso ao vaso con goma de mascar, apósitos.... Xa que sempre acaban quedando no fondo do mesmo.

5.3.5.—Normativa de Salas de traballo cardiovascular, musculación, workcicle...= Para acceder a esta sala é necesario traer consigo unha toalla, e por motivos de hixiene, utilízala en cada aparello.—Deberase deixar libre o aparello durante os tempos de descanso.—Deberanse colocar os pesos e barras no su lugar de acomodo unha vez utilizados.—Deberase secar a suor nos aparellos utilizados.—Por razóns de seguridade, non se permitirá realizar tarefas de asesoramento ou adestramento a outros usuarios dentro da instalación. Esta labor compete ao técnico. = Non se permitirá a entrada con mochilas ou bolsos.—A ocupación máxima da sala de musculación determinarase polo técnico deportivo en cada momento e dependerá tanto do número de aparellos como das rotacións que o técnico programe. Existindo un cartel visible co aforo máximo permitido.—Os menores de 16 anos non poderán acceder a dita sala salvo aqueles que presenten un informe médico que así o indique e previa autorización dos seus pais ou titores. En todo caso o menor deberase apuntar nun programa de adestramento personalizado e acceder á instalación nos horarios nos que estea presente o monitor da sala.

5.3.6.—Normativa de actividades/cursos.—A inscrición para cursos en activo con prazas libres é inmediata (salvo nas actividades formativas). O usuario deberá encher unha ficha (específica para cursos) co gallo de poder realizarlle un seguimento.—Nas actividades formativas realizarase unha proba de nivel que determinará a súa capacidade e os horarios nos que se pode inscribir.—O curso abonarase íntegro aínda que se empece a actividade co mes avanzado. Permitirase recuperar as clases perdidas (o departamento técnico informará de cando e como).—Permítese a opción de vir por quendas (mañá ou tarde) previa xustificación. Solicitarase na recepción e será o departamento técnico quen determine a viabilidade de dita solicitude.—Os cambios de grupo/actividade solicitaranse por escrito na recepción para analizar a dispoñibilidade de prazas e será o departamento técnico quen decida a viabilidade do cambio. No caso das actividades formativas só se admitirán solicitudes para cambios dentro do mesmo nivel.—Nos cursos formativos, ao realizarse unha avaliación continua do nivel dos alumnos, no momento no que o monitor considere o nivel superado, o departamento técnico comunicarllo ao interesado facilitándolle a incorporación ao seguinte nivel, en función da ocupación d mesmo.—Os cursos formativos de inverno teñen unha duración de Setembro a Xuño (coincidente cos meses de escolarización); as persoas inscritas neles adquiren un compromiso de permanencia para ese período; non obstante, por motivos xustificables (saúde, traslado, etc,..) poderase tramitar a baixa antes de rematar o período de compromiso.—Os cursos formativos de verán e os non formativos teñen un compromiso mensual.—As baixas deberanse solicitar antes do día 20 de cada mes. En caso de estar cerrada a instalación



poderase facer o día seguinte. = A empresa concesionaria faise responsable do alumno menor de idade no momento en que o monitor o recolle e durante a duración do curso. Antes do inicio da actividade e despois de finalizar dito curso a responsabilidade é dos pais/titores. = A idade mínima de incorporación ás actividades non formativas será de 16 anos. Os menores de idade terán que presentar autorización paterna asinada.—Os días festivos non haberá clases e estas non serán recuperables.—Non se permitirá a entrada ao curso pasados 5 minutos do comezo do mesmo.—No caso de non asistir ao curso ao longo de tres sesións de forma inxustificada, será motivo para perder a praza no mesmo.—A adxudicación das prazas nas actividades será individual e por estrita orde de chegada.—A dirección non se responsabiliza das repercusións que se derivasen pola necesidade de cambio, ante o abandono do/a monitor/a dunha actividade ao longo do curso.

5.3.7.—Normativa para Clubs, Federacións etc.—Ademais das normas xerais para os/as usuarios/as das Instalacións, aos Clubs, Federacións, Agrupacións, Asociacións e Entidades seranlles aplicadas as seguintes normas:

Comunicacións á dirección.—Para o bo coidado da instalación os/as integrantes dos equipos teñen a obriga de poñer en coñecemento dos/as empregados/as tódalas anomalías ou desperfectos encontrados, sendo de maior gravidade o non facelo cos producidos por eles/as mesmo/as.

Comportamento nas instalacións.—O comportamento nas instalacións, deberá ser correcto, favorecendo en todo caso a labor dos/as empregados/as. O respecto a este/as será en todo momento obrigado, atendendo correctamente ás súas instrucións.

Vestimenta.—A práctica deportiva, sexa a especialidade que sexa, realizarase co material e a vestimenta axeitada, non só en canto a uniformidade, senón en canto a protexer as condicións da instalación. Desta forma, haberá de coidar sobre todo o calzado. Deberán dispoñer dun calzado deportivo para uso exclusivo das instalacións. Os/as membros do departamento técnico (adestradores/as, delegado/as e persoal auxiliar) deberán respectar a norma anterior tanto nos adestramentos como nas competicións.

Reserva de Instalacións.—A presentación de solicitudes para adestramentos durante a temporada deportiva deberase realizar na propia instalación desde o día 1 ao 30 de xuño de cada ano, de modo que sexa incluído no correspondente plan de actividades da instalación.

Temporada deportiva.—A temporada deportiva entendese desde o mes de setembro ao de xuño do ano seguinte, ambos inclusive.

Información requirida do solicitante.—Na solicitude deberá constar información sobre o grupo solicitante; enderezo, teléfono, responsable, actividade deportiva a desenvolver, categoría, número de usuarios/as, etc.



Criterios técnicos.—Permitirase a utilización das instalacións a clubs, federacións, agrupacións asociacións e entidades, de acordo cos criterios técnicos da E.C. á vista das solicitudes presentadas, sendo algúns destes criterios.

- Que estean ubicados ou relacionados coa zona de influencia da instalación.
- Que sexan grupos estables, como medio de favorecer o asociacionismo deportivo, fronte a grupos informais, inestables e faltos de estrutura.
- Atenderase á categoría e número de equipos do club, así como o número de participantes en cada actividade.
- Que colaboren cos intereses da zona.

Cambio de datos.—A partir da aprobación do permiso de utilización das instalacións deportivas, tódolos cambios producidos en relación cos datos da inscrición, deberanse comunicar por escrito ao E.C.

Calendarios de competicións.—Coa finalidade de garantir un axeitado servizo aos usuarios/as, recoméndase enviar un calendario anual de actividades antes do inicio da tempada deportiva. A E.C. reservase o dereito de modificar estes calendarios, debendo, en tal caso, comunicar por escrito ao Concello tal circunstancia.

Competicións oficiais.—As competicións oficiais que se desenvolvan nas Instalacións Municipais polos equipos pertencentes a Clubs do lugar, están EXENTAS de tarifa de uso, exentuándose os seguintes casos:

- Nos casos que se precise montaxe ou traballos preparativos extras
- Se realice cobro de entrada.
- Sexa con motivo da non dispoñibilidade de espazo.

6.—Normativa Sancionadora.—A E.C. e o Concello crearán unha Comisión de Seguimento da explotación. Estará constituída polas persoas descritas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.—Un dos seus cometidos será aplicar as sancións que considere oportunas a aqueles usuarios que infrinxan as normas.—Considéranse faltas todas aquelas actuacións, por parte dos usuarios, que non respecten as normas de uso e funcionamento contidas neste regulamento e calquera outra aplicable a espazos de uso colectivo.—O persoal encargado da explotación da obra pública, en ausencia de axentes da autoridade, poderá adoptar as medidas necesarias en orde á utilización da obra pública, formulando, no seu caso, as denuncias pertinentes. A estes efectos, servirán de medio de proba as obtidas polo persoal do concesionario debidamente acreditado e cos medios previamente homologados pola Administración competente, así como calquera outro admitido en dereito.—En todo caso, a empresa concesionaria ten a potestade de expulsar a unha persoa e retirarlle o carné provisionalmente, ata que se aprobe a sanción, no caso dun comportamento grave.—As faltas/sancións dividiranse en:



a) *Leves.*—*Enténdense como faltas leves aquelas derivadas dun comportamento irregular:*

- Non traer o carné de forma reiterada.
- Non utilizar a vestimenta axeitada.
- Non respectar as normas de uso.

Ditas faltas levarán a unha comunicación por escrito dirixida á persoa infractora.

b) *Graves.*—*Entendese como faltas graves:*

- A reiteración de faltas leves (a partir da terceira considerase falta grave).
- Faltas de respecto ao resto dos usuarios e/ou persoal da instalación.
- Vandalismo.
- A cesión do carné a outra persoa.

Ditas faltas levarán á suspensión do acceso á instalación por un período de tempo de entre 1 e 12 meses.

c) *Moi graves.*—*Entendese por faltas moi graves*

- A reiteración de faltas graves (a partir da segunda considerase falta moi grave).
- Aquelas faltas que impliquen actuacións xudiciais.

Ditas faltas levarán á prohibición de acceso á instalación por tempo indefinido.

Outras consideracións.—Os actos de vandalismo darán lugar á reparación, reposición e/ou abono dos danos ocasionados, sen menoscabo das sancións e actuacións xudiciais que se poidan tomar.—No caso de usuario/as pertencentes a Clubs, tanto o/a delegado/a do equipo como o club serán responsables subsidiarios do comportamento dos seus deportistas.”

Cambados, a 4 de abril de 2016.—A Alcaldesa, Fátima Abal Roma.

